

GO
GO.ZO!



 Xacobeo 21-22

XENERASON ROCK!

XULLO 2022 • MONTE DO GOZO



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



Colabora: **CTVG**

BASES XENERASON ROCK Go!Go!Zo! XACOBEO 21-22

Qué é o XeneraSon Rock?

É un **certame de música** dirixido a agrupacións de **academias** de Galicia e Portugal

Como participar?

- A **inscrición** realizase na **web** do festival (www.gogozo.gal) **do 16 ao 31 de maio**
- Poderanse presentar os **grupos** que queiran, **non profesionais**, e **pertencentes** a algunha **academia**.
- **Non** hai **restricións** no tocante a **estilos** ou á cantidade de **integrantes**
- As agrupacións participantes **non** poderán ter **contrato** con **selo discográfico** algún e, de ter editado algo, ten que ser de produción propia.
- Os grupos **non** poderán **compartir integrantes**
- No caso de menores, deberán presentar **autorización expresa** da nai, pai ou titor/a legal
- O **custo** por inscrición será de **25 € por persoa integrante** da agrupación

Cando e onde se celebra o XeneraSon Rock?

- O XeneraSon Rock desenvolverase en **dúas fases**:
 - ↳ Os días **1, 2 e 3 de xullo** serán as **semifinais**
 - ↳ O día **30 de xullo** terá lugar a **gran final**.
- O certame desenvolverase no **complexo do Monte do Gozo**

Que se ofrecerá dende XeneraSon Rock?

- **Produción técnica: Escenario** de calidade **tapado**. **Equipo de son** profesional con **personal técnico** de son e con **auxiliares** para o correcto funcionamento dun **concerto profesional**.
- Cada agrupación dará a súa **autorización** e **cederá os seus dereitos de imaxe** á organización do certame que **nunca** se utilizarán para **un uso comercial**.
- A **organización** resérvase o dereito a introducir as **modificacións** que estime oportunas para o axeitado funcionamento do certame

Como é a dinámica do concurso?

- Nas **semifinais**, cada agrupación ofrecerá **unha actuación** das seguintes características:
 - ↳ Un máximo de **20 minutos** ou interpretando **4 temas**
 - ↳ Unha **canción** deberá ser interpretada obrigatoriamente **en galego**
 - ↳ Deberase interpretar, polo menos, **unha versión dunha canción coñecida**
- A **fase final**, á que pasarán **6 agrupacións**, que actuarán de acordo ás seguintes normas:
 - ↳ Un máximo de **20 minutos** ou **4 temas**
 - ↳ Deberán tocar, polo menos, **dous temas distintos aos da semifinal**
 - ↳ Igualmente, interpretarase **unha canción en galego** e ofrecerase, como mínimo, **unha versión dunha canción coñecida**
- Da fase final saíran as **2 grupos gañadores**

Quen valorará as actuacións?

- **XeneraSon Rock** contará cun xurado composto por **3 profesionais** pertencentes á **industria musical**
- Valoraranse a **execución**, a **posta en escena**, **orixinalidade** e as **composicións propias**.
- O xurado decidirá as **6 agrupacións finalistas** e **ás 2 gañadoras**.

En que consiste o premio?

- O premio consistirá na **gravación dun EP nun estudo profesional**
- Os dous grupos **gañadores** tamén actuarán en **festivais recoñecidos** de **Galicia**

Máis información: contidos@gogozo.gal

*A participación neste concurso implica a aceptación destas bases